



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 448 /2014, DO 12 SETEMBRO.

Mediante Resolución de Alcaldía nº 417/2014 do 22 de agosto aprobáronse as bases de selección para a contratación laboral temporal, na modalidade de "obra ou servizo", de 1 oficial de segunda e 2 peóns para integrar a "Cuadrilla de obras e servizos mínimos"

Presentadas as ofertas respectivas á Oficina de Emprego de Carballo o día 25 de agosto e recibidos os curriculums vitae dos desempregados vía e-mail no departamento de emprego e desenvolvemento local, e unha vez avaliados os curriculums vitae e transcorrido o prazo de 2 días hábiles (excluído o sábado) a contar, desde a comunicación vía telefónica por parte do Concello aos demandantes preseleccionados pola Oficina de Emprego, tal como establecían as bases.

Vista a Resolución de Alcaldía nº 437/2014 do 3 de setembro, onde se aproba a lista definitiva de admitidos e excluídos no procedemento de selección de 1 oficial de segunda e de 2 peóns para integra a "Cuadrilla de obras e servizos mínimos", tal e como establecía a base quinta punto primeiro das bases de selección.

Reunido o tribunal calificador do procedemento selectivo o día 9 de setembro de 2014, e tal e como aparece reflitado na acta que asinan os membros do tribunal e á vista da puntuación obtida, o tribunal de selección por unanimidade dos seus membros que teñen dereito a voto, decidiu propoñer ao Sr. Alcalde que proceda a adxudicar a praza de oficial de segunda a D. Antonio Romero García e as prazas de 2 peóns a D. José Manuel García Varela e a D. Juan Mario Mariño Regueiro por ser os aspirantes que acadaron a maior puntuación.

En virtude da competencia que me atribúe o artigo 21.1.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Adxudicar a praza de 1 oficial de segunda e as 2 prazas de peóns para a "Cuadrilla de obras e servizos mínimos", tal e como propoñía o tribunal calificador na acta, dos seguintes aspirantes:

- Como oficial de segunda a D. Antonio Romero García, con DNI nº 76.362.248-V
- Como peóns a : D. José Manuel García Varela con DNI nº 76.353.531-V e a D. Juan Mario Mariño Regueiro con DNI nº 52.432.832-P.

Así mesmo, conceder o prazo de 3 días hábiles para presentar a documentación necesaria, segundo o punto décimo das bases de selección, para proceder a formalización do contrato.

SEGUNDO: Os restantes aspirantes, tal e como reflicten as bases no punto noveno, quedarán como reservas, sempre respetando a orde de lista, para cubrir situacións de renuncia voluntaria, procesos de incapacidade temporal ou calquera outra circunstancia, para os postos de traballo referidos nesta contratación, sempre que cumpran todos os requisitos das bases de selección.

TERCEIRO: Proceder a expoñer no taboleiro de anuncios do Concello a presente resolución, e extracto da mesma na web do Concello (www.concello-cabana.com) de conformidade co previsto nas bases aprobadas por Resolución da Alcaldía 417/2014 do 22 de agosto.

Mándao e asíño o Alcalde-Presidente Don José Muño Domínguez na casa do concello de Cabana de Bergantiños, o 12 de setembro de dous mil catorce, diante de min, a Secretaria, que dou fe e certifico.

O Alcalde

Asdo. José Muño Domínguez.

A Secretaria,

Asdo. Paula M^a Suárez Coteló.